

A dobraxe 'bilingüe' | Carlos Caetano Biscaíño Fernandes, profesor da UDC



A verosimilitude como argumento negador de normalidade

NO SÉCULO XIX, FORON MOI FRECUENTES AS PEZAS DE teatro bilingües en que os vilegos e “señoritos” se expresaban en español, en contraposición ao mundo rural e ás camadas máis baixas da sociedade que falaban a lingua do país, un galego reducido a un patois perfectamente acaído para a ridiculización da ignorancia e o embrutecemento dunhas personaxes que, certamente, non se presentaban como un modelo atractivo.

A pasada quinta feira en pleno século XXI, a Televisión de Galicia emitiu a longametraxe *Mar adentro* nunha versión sorprendentemente bilingüe en que unhas personaxes se expresaban en lingua galega e outras en castelán. Unha verosimilitude vestida de normalidade, finalmente negadora de calquera pretensión normalizadora para a lingua propia de Galiza. Coa escusa do reflexo fidedigno da realidade, rompeuse a convención da ficción narrativa e forneceuse un modelo consagrador da diglosia. Porque, lembremos, non se trataba dun documental, mais dun produto artístico.

Se o argumento for que esa é a situación lingüística que se daría “na vida”, eu preguntome por que non se estreou na España a versión orixinal coas personaxes galegas a se expresaren en galego, como probablemente farían nun contexto real. Haberá, aínda, quen argumente que no resto dos lugares onde se estrou a versión orixinal o galego non é lingua cooficial. Certo, como é certo igualmente que as ideoloxías imperialistas contrarias á ecoloxía das linguas sempre se refuxian no aparato legal, razón que nunca empregarán para defender a diversidade.

Moito infelizmente, na nosa sociedade aínda se dan situacións flagrantemente machistas e a violencia contraamuller documéntase case todos os días do ano. Imaxinemos que, en aras da verosimilitude, se nos ofrece unha gala ou un telexornal presentado por un home e unha muller, en que o primeiro denigre verbalmente á segunda con frases como “está calada, que é como máis guapa estás”, frase que todos recoñecemos como real e verosímil. Resultaría insoportábel, porque é outra a normalidade que desexamos, a que queremos presentar como referente.

Para que se dobran os filmes na Televisión de Galicia? Por que non se emiten en versión orixinal? E versión orixinal non significa “en español”, mais en todas as linguas en que se realicen produtos audiovisuais de interese. Lembremos que se trata dun ente público que ten entre as súas razóns de ser propiciar a presenza social da lingua galega, mediante a emisión de produtos de calidade que se vehiculen na nosa lingua. Mais agora comparece a verosimillanza como argumento contra a fluencia normal do noso idioma, impedindo así que o galego se mostre como unha lingua extensa, culta, útil e moderna (potencialidades que non son privativas de ningunha lingua, senón atributos que se lle confiren). Un argumento pretendidamente neutro que, na verdade, serve de refuxio para os interesados en manter un idioma sometido e subsidiario.

Talvez nunca poderemos evitar totalmente que medios de comunicación foráneos teimen en deitar sobre a nosa realidade lingüística visións pintoresquistas fundamentadas na verosimilitude, mais o que si debemos é exixir á Televisión de Galicia que trate con total respecto unha das nosas máximas riquezas, o noso maior atributo como pobo. Doutra maneira, estamos a desfacer a casa, pedra a pedra. ●



Fotograma da cinta *Mar Adentro*, emitida na TVG cunha dobraxe bilingüe